




O SERVIZO DE REHABILITACIÓN DO CHUVI EDITA UN LIBRO SOBRE TÉCNICAS INTERVENCIONISTAS DO OMBREIRO DOLOROSO

- *Trátase dun proxecto de formación coordinado polo xefe de servizo, Javier Juan, que tamén conta coa colaboración de profesionais doutras áreas sanitarias de Galicia*
- *Na última década tense incorporado novas técnicas de rehabilitación intervencionista que melloran a asistencia do ombreiro doloroso, que é unha das patoloxías do aparello locomotor máis frecuentes*
- *A Unidade de Alta Resolución do Ombreiro da Área Sanitaria de Vigo atende a 1.750 pacientes anuais*

Vigo, 12 de decembro de 2022. O servizo de Medicina Física e Rehabilitación da Área Sanitaria de Vigo ven de editar un libro titulado "*Notas en rehabilitación intervencionista del hombro doloroso*", que tamén contou coa colaboración de profesionais doutras áreas sanitarias de Galicia.

Trátase dun proxecto de formación liderado e coordinado polo xefe de servizo de Rehabilitación do Chuvi, Javier Juan, para fomentar a formación dos especialistas nas técnicas intervencionistas en patoloxía dolorosa do ombreiro.

Segundo explica o doutor Juan "o ombreiro doloroso constitúe unha das patoloxías máis frecuentes entre todas as do aparello locomotor, e o emprego dun correcto tratamento afecta considerablemente á calidade de vida do paciente. Na última década tense avanzado moito nas terapias grazas á incorporación do novos procedementos realizados polo médico rehabilitador, as chamadas técnicas de rehabilitación intervencionista, que melloran a asistencia a estas patoloxías de xeito moi significativo."



Primeiro libro dedicado á rehabilitación intervencionista

As causas desta dor poden deberse a diferentes procesos patolóxicos como os tendinosos, inflamatorios e, sobre todo, a procesos dexenerativos articulares que cursan con discapacidade. En definitiva, trátase dunha afección común en adultos e unha causa prioritaria de discapacidade funcional, polo que representa un problema médico e socioeconómico importante.



“A alta prevalenza de lesións tendinosas, calcificacións, inflamacións da cápsula, afectación por ictus, etcétera, precisa de expertos que saiban valorar e empregar un tratamento axeitado para mellorar a calidade de vida do paciente; de aí, a finalidade docente desta publicación”.

O libro estrutúrase en 11 capítulos, desenvolvidos por médicos rehabilitadores do Chuvi e por profesionais de A Coruña, Santiago e Ourense, que teñen colaborado como membros da Escola de Rehabilitación Intervencionista da Sociedad Gallega de Rehabilitación (SOGARMEF). Os exemplares serán distribuídos a través desta Sociedade.

Trátase do primeiro libro dedicado especificamente á rehabilitación intervencionista do ombreiro doloroso, polo que agrupa os diferentes aspectos da súa abordaxe terapéutica, desde a exploración ecográfica, pasando polas técnicas básicas de rehabilitación intervencionista ata os procedementos máis complexos, que requiren adquisición de habilidades e de tecnoloxía para a súa correcta utilización. Ente outros, cabe subliñar os apartados dedicados ás infiltracións, bloqueos nervios periféricos, lavado de calcificacións, uso de toxina botulínica, radiofrecuencia pulsada, ou o uso de plasma rico en plaquetas.

O contido desta edición conta cunha importante ilustración, con fotografías e infografías que fan que a obra sexa moi didáctica para todos os profesionais que se dedican a esta patoloxía.

1.750 pacientes anuais

O servizo de Rehabilitación conta cunha Unidade de Alta Resolución de Ombreiro que atende a 1.750 pacientes anuais. Nesta Unidade realízanse diferentes tratamentos intervencionistas, como os bloqueos nerviosos, do que se benefician 400 pacientes ao ano.

Nos últimos tempos o servizo de Rehabilitación ten realizado diversas investigacións no campo do control da discapacidade e de dor dos pacientes, o que lle ten valido varias distincións e recoñecementos a nivel nacional.